

Jorge de Torres Rodríguez

Nado en Madrid no 1977, Jorge de Torres Rodríguez é graduado e doutor en Prehistoria pola Universidad Complutense de Madrid (UCM). Despois dunha experiencia de cinco anos no British Museum de Londres como colaborador e catalogador do proxecto [African Rock Art](#), dende o ano 2018 desenvolve o seu traballo de investigador de postdoutorado no Instituto de Ciencias del Patrimonio (Incipit) do CSIC grazas á concesión dunha Marie Curie International Fellowship. En 2022 incorporouse á plantilla permanente do Incipit como Científico Titular.

Ten unha ampla experiencia de arqueólogo de campo en África (Marrocos, Etiopía, Mozambique, Sudán, Somalilandia e Xibutí). Dende o ano 2015 De Torres é membro e codirector do equipo de traballo do proxecto arqueolóxico do Incipit en Somalilandia (un Estado non recoñecido que se independizou de Somalia no 1991) e é coautor de todas as publicacións derivadas a partir do proxecto. Desde 2021 dirixe excavacións na cidade medieval de Handoga (Yibuti) e en varios asentamentos en Etiopía preto da fronteira con Somalilandia.

No 2019, outorgáronlle unha ERC Starting Grant para investigar o xurdimento de estados medievais no Corno de África. O proxecto, denominado [STATEHORN](#), Pathways to Statehood: Authority, Legitimacy and Social Diversity in the Horn of Africa (11th-16th centuries) está dotado cun orzamento de case 1,5 M€ e rematará no 2025. O seu obxectivo é analizar as razóns do fracaso dos estados contemporáneos do Corno de África a través do estudo da súa dinámica histórica durante a Idade Media e o comezo da Idade Moderna. En concreto, o proxecto estuda, co apoio da arqueoloxía, as estratexias que levaron á prosperidade e mais á expansión dos estados musulmáns que controlaron a rexión entre os séculos XI e XVI. A información contrastarase cos problemas de autoridade, lexitimidade e goberno dos estados contemporáneos na zona. Para iso, utilizarase unha metodoloxía interdisciplinar na que sobresaen, ante todo, a importancia da Arqueoloxía.